



# O NADAL



**XVI**

**certame  
de  
xornalismo**

**certame  
de  
poesía**







# XVI CERTAME DE XORNALISMO SOBRE O NADAL

---

Patrocina:



Consellería de Cultura e Xuventude

DEBUXO LOGOTIPO:

XOSÉ RODRÍGUEZ VARELA

DESEÑO MAQUETACIÓN:

XESÚS FRAGA

COORDENACIÓN:

XULIO XIZ RAMIL

IMPRESO EN «LA VOZ DE LA VERDAD»

DEP. LEGAL LU 1.033 - 1992

# XVI CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL

---

Patrocina

AULA DE CULTURA

CAIXA GALICIA

---

*A publicación dos traballos premiados é posible pola colaboración da Dirección Xeral de Política Lingüística, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, da Xunta de Galicia.*

---



# ARREDOR DO NADAL


*Publícase este libriño cando se celebra o Nadal do ano 1992; cando se cumplen vinte anos de traballo neste Belén que meu irmán ideou, e arredor do que se xuntaron a traballar tantos amigos.*

*É a terceira vez que se publican os traballos gañadores dos certames de xornalismo e poesía. O de xornalismo convocámolo gracias á axuda da Consellería de Cultura e Xuventude. O de poesía, antes polo patrocinio da Aula de Cultura de Caixa Galicia e, na actualidade, da Fundación Caixa Galicia.*

*De novo, o Centro cultural de Begonte afronta a publicación dos traballos premiados gracias á colaboración da Dirección Xeral de Política Lingüística, da Consellería de Educación, tentando que a mensaxe do Nadal que conteñen chegue aínda máis lonxe.*

*Neste novo Nadal (O noso labor xira sempre arredor del), quero expresar no nome do Centro cultural e no meu o agradecemento ás Institucións que fan posible certames e publicación: Consellería de Cultura e Xuventude (Dirección Xeral de Cultura), Fundación Caixa Galicia, e Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (Dirección Xeral de Política Lingüística).*

*Xa que estamos no Nadal, e o noso principal traballo é un Belén: ¡Que o Neno Deus lle lo pague!*



*Xesús Domínguez Guizán  
Presidente do Centro Cultural de Begonte.*





POESÍA



## XVI CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL

---

O Centro Cultural «José Domínguez Guizán» de Begonte —entidade que promove o Belén Electrónico— co patrocinio da Aula de Cultura da CAIXA GALICIA, co gallo do Nadal 1991, ven de convoca-lo «XVI CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL», que se vai rexer polas seguintes BASES:

- 1.—Poden participar tódolos poetas que o desexen, con textos en galego ou castelán.
- 2.—O tema dos traballos ha se-lo de *O NADAL*, desde calquera punto de vista.
- 3.—Hanse valora-los textos que fagan referencia a Begonte e ó seu Belén.
- 4.—É libre a construción dos poemas e a medida dos versos.
- 5.—Hanse concede-los seguintes premios:  
PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 75.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos.  
SEGUNDO PREMIO, 50.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos.
- 6.—A remisión de orixinais farase por triplicado ó Centro Cultural de Begonte (Lugo), tanto persoalmente como por correo certificado, denantes das doce horas do día seis de xaneiro do mil novecentos noventa e dous.
- 7.—Tódolos traballos han ser presentados con plica, facendo constar dentro dela os datos persoais do autor.

BEGONTE (LUGO), outubro de 1991.

# BASES

FALLO DO XURADO DO XVI CERTAME  
DE POESÍA "BEGONTE E O NADAL"

---



*O Xurado calificador dos traballos presenta-  
dos ó XVI CERTAME DE POESÍA "BEGONTE  
E O NADAL", formado por:*

*D. FRANCISCO MARTÍNEZ IGLESIAS  
(Paco Martín)*

*D. XAVIER RODRÍGUEZ BARRIO*

*D. RAMÓN SOILÁN PENAS (en represen-  
tación de Caixa Galicia)*

*D. XULIO XIZ RAMIL (Secretario, en re-  
presentación do Centro Cultural de Begonte),*

*acordou emiti-lo seguinte fallo:*

*— PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado  
con 75.000 pts. e estatuíña de Sargadelos a "MI-  
LENIOS DE ESPERANZA", de CECILIO  
LAGO GONZÁLEZ, de Vigo.*


*— SEGUNDO PREMIO, dotado con 50.000  
pts. e estatuíña de Sargadelos, a "SALMOS-  
ARROLO PARA O NENO DE BELÉN, EN  
BEGONTE", de MARÍA PILAR CAMPO  
DOMÍNGUEZ (MARICA).*

FALLO  
DO  
XURADO

O SECRETARIO DO XURADO

*Xulio Xiz Ramil*





## CECILIO LAGO GONZÁLEZ

*Vigués. É Administrativo de Caixa Vigo. Ten composto –e interpretado– máis de medio cento de cancións, polas que acadou varios premios á música é interpretación.*

*A mediados de 1989 atopou “sen querer” o Soneto. Desde entón, ten escrito máis de cincocentos.*

*Finalista do certame de prosa “SEMANA SANTA DE ZAMORA 91” con “La saeta del silencio”, acadou o seu primeiro premio poético en Begonte neste Certame do Nadal.*

*“Erguida, brilla quieta aquella estrella  
encima de un «pesebre» improvisado,  
en él, sonrío «EL NIÑO» recostado;  
detrás está María: ¡Dulce y bella!”*

## MILENIOS DE ESPERANZA

Milenios de temor se pulverizan  
al ver aquella estrella sobre el cielo,  
la luz de un viejo pacto, de un anhelo...  
¡Y miles de esperanzas cristalizan!

Los rayos a su paso immortalizan  
el fin de tantos siglos de recelo,  
la espera de ese «Día del Consuelo»  
que antiguas escrituras profetizan.

Las almas de las gentes se renuevan  
y surge de su «fe» la algarabía  
en cánticos de «Gloria» que se elevan

a lomos de esa estela que es su guía,  
besando los senderos que les llevan  
¡Al «corte» donde pare hoy María!

\* \* \*

La humilde y seca paja de la cuna,  
caliente sobre sí aquella vida,  
aquella joven llama que, encendida,  
sonríe bajo el manto de la luna.

El cielo es su techo y su fortuna,  
la tierra que le apoya, la elegida,  
su llanto, nueva fuerza resurgida,  
sus ojos, del color de la aceituna.

Y danzan en el cielo las estrellas,  
al ritmo de una música encantada  
que llena con sus notas siempre bellas

aquel «establo» viejo de posada,  
aquel «portal» que guía nuestras huellas  
brillando en una noche esperanzada.

\* \* \*

Convergen los senderos en el llano  
y en él camina presto y somnoliento  
un grupo de pastores sin aliento,  
con pies descalzos y cayado en mano.

Comienza pues la siembra de «otro grano»,  
la mies en luz, del propio firmamento...  
... y aquellos, son la brisa de otro viento,  
de un nuevo viento para el ser humano.

Caricias de una noche en el desierto,  
vergel florido, huerto esplendoroso,  
rincón de la esperanza siempre cierto.

Regato de ese río caudaloso  
que trae consigo el agua de un concierto  
en clave de un misterio luminoso.

\* \* \*

Y llegan al «portal» los elegidos,  
cubriendo su miseria avergonzados,  
creyendo, que por quiénes son llamados,  
serían príncipes muy bien vestidos.

De pronto, al ver al «Niño», caen rendidos  
de hinojos sobre el suelo, agazapados,  
sintiendo entre alegres y extrañados,  
perder el habla y hasta los sentidos.

La cara del «recién» está brillante,  
los brazos de la «Virgen» lo sostienen,  
su cántico lo duerme en un instante.

Y el bueno de «José», a quienes vienen,  
recibe con la «luz» en su semblante...  
... y aquéllos le regalan cuanto tienen.

\* \* \*

Llegaron hasta incluso desde Oriente,  
viajeros con el porte de «señores»,  
ancianos sabios y conocedores,  
siguiendo aquella estrella diferente.

La estrella que guió a cuanta gente  
llamada por su «luz», dejó labores,  
familia, casa, lujos y favores  
tomando como norte sólo el frente.

«Herodes» no han faltado en nuestra Historia,  
—herida abierta, que jamás se cierra—  
... «Herodes» que han logrado que la escoria...

se pinte de miseria o bien de guerra...  
grabándonos por contra en la memoria:  
¡Que un día Dios, nació en esta Tierra!

\* \* \*

Los siglos han pasado desde aquélla,  
dejando tras de sí la polvareda  
de muchos peregrinos sin frontera  
que fueron fe, camino, senda y huella.

La escena del «portal» y de la «estrella»,  
convierte nuestro invierno en primavera,  
haciendo resurgir la dulce hoguera  
de un alma renovada que destella.

Los hombres y los pueblos en su marcha,  
cuidaron que el «misterio» permanezca  
en medio de la nieve y de la escarcha,

logrando que «Una Noche» se estremezca  
el alma bajo el canto de una «jarcha»  
que frente al «Niño-Dios», nos ennoblezca.

\* \* \*

Y quiso Dios tomar un escenario  
que fuera viva muestra de hermosura,  
un cántico al verdor y la frescura,  
de aquel entronque humano y milenario.

Llegó hasta Lugo –plaza legendaria–  
girando diestro al norte su andadura,  
sabiendo que en mitad de la llanura  
estaba el fin de aquel itinerario.

Y vio a lo lejos, refulgir dorado  
–perfil de verde y rosa– el horizonte  
y en él, un pueblecillo dibujado,

silueta amable, senda que del monte  
le lleva recto por el verde prado,  
camino del «pesebre», aquí en: ¡Begonte!

\* \* \*

Un soplo, fue el comienzo y la partida,  
el alma del molino y la posada,  
del agua, el leñador y la tronada,  
del cielo y de su música encendida.

Un soplo en una aldea, ayer perdida,  
que vio llenar su plaza engalanada  
con gentes que escucharon la llamada  
de aquella «Gran Historia» repetida.



Begonte se hizo «luz» en el camino,  
el lóbrego sendero del ausente,  
la fe y la esperanza en un destino

que surge como el agua de una fuente  
y da vigor de nuevo al peregrino  
que busca su futuro en el presente.

\* \* \*

Pequeñas figurillas de hojalata,  
arcilla, tosco barro y de madera;  
preciosas criaturas que en hilera  
conforman ese mundo que aquilata,

la más hermosa «Historia», que relata,  
la «Noche» en que María al fin pariera  
el «Hijo» que el «Señor» le prometiera,  
cubierta con corona de oro y plata.

Sencillos muñequitos de cartón,  
ejército de ángeles al vuelo,  
pastores de una mágica ilusión.

Trinar alegre, cántico y consuelo,  
recuerdo vivo, móvil y en acción...  
¡«Belén de sueños»... pórtico del cielo!

\* \* \*

Y suena, tras un rútilo azulado,  
la música que anuncia con estruendo  
que Dios, de nuevo hoy, está naciendo,  
igual que así lo hiciera en el pasado.

Un cielo de luceros salpicado,  
alumbra con su luz, reconociendo,  
que el mismo «Niño-Dios» está volviendo  
a ser allí por todos: ¡Adorado!

¡Begonte es el Belén de los gallegos!  
La tierra que ha querido dar cabida  
en medio de pastores y labriegos,

sencillas gentes de alma conmovida:  
¡El rayo de luz, que en tiempos ciegos,  
se vuelve estrella de una nueva vida!

Este poema, quedó acabado  
el 27 de diciembre de 1991...  
... como particular homenaje  
al «Maravilloso Misterio»  
que el pueblo de Begonte,  
con esfuerzo y abnegación,  
conserva, cuida y engrandece,  
en nombre de los que amamos,  
sentimos y veneramos:  
¡La Navidad!





## MARÍA PILAR CAMPO DOMÍNGUEZ ("MARICA")

*Natural do Val do Mao (O Incio), reside en Xove (O Torrillón-Rigueira), onde exerce o maxisterio.*

*Do seu labor como escritora cómpre suliñar tres obras de teatro ("O PREMEXENTES NON PODE COS PAXAROS REBEZOS", "O CAZADOR DE ESTRELAS" e "DOUS VELLAS E UNHA SOA SOIDADE"; esta, en colaboración con X. M. Carballo), narrativa, letras de cancións (gravadas por "Fuxan os Ventos" en tres dos seus discos, e pola agrupación "Juan Vila" dentro do certame "Cantareliña")... sendo a súa vocación esencialmente poética se ben foi sempre remisa a publicar, ata o punto que aínda ven de ver a luz agora o seu primeiro libro de poemas. Amáis doutros numerosos premios, ten acadados os galardóns de poesía en BEGONTE os anos 1978, 1980, 1981 e 1985.*

# SALMOS-ARROLO PARA O NENO DE BELÉN, EN BEGONTE

- 1.- Salmo da Auga
- 2.- Salmo do Lume
- 3.- Salmo da Terra
- 4.- Salmo do Aire

## SALMO DA AUGA

Ouh, que enchan as augas na fervenza do salmo,  
teñan forza de océano, fondo berro de río,  
raio puro de neve, porque é a Deus a quen falo.

Ai, que canten as augas amenceres de orvallo,  
augas mansas, ovellas pacendo claridades,  
fontes de alba e cantiga, que é un neno a quen anaino.

Anaina, meu neniño,  
mariñeiro afogado:  
todo é mar polas veas,  
todo é auga no abraio.

Anaina, pobre home,  
asulagado en pranto  
e en chuvia desmedida,  
entre limo e desazo.

Anaina, neno-Deus,  
camiñante buscando  
a frescura da fonte  
pola fírgoa dos labios.

Anaina, río Miño,  
río Parga nun canto  
co Ameneiro e o Ladra  
e co Porto Lousado.

## SALMO DO LUME

Ouh, que ardan as silvas dende o misterio ó soño  
sen consumirse nunca. Que todo sexa chama  
encendendo o meu salmo, que é un Deus a quen adoro.

Ai, que teña a palabra toda a calor do corpo  
e a tepidez da vida e o latexo do sangue  
mornamente fluindo, que é un neno a quen arrolo.

Arrorró, rapaciño  
axeado no Polo  
da frialdade nosa  
que te ignora nos outros.

Arrorró, triste neno  
que a metralla do odio  
queima en tódalas guerras  
que sacoden o globo.

Arrorró dos queimados  
pola vida no esforzo.  
Arrorró dos que gardan  
a brasa dun remorso.

Arrorró de Begonte,  
Belén dos xenerosos,  
incendio ou labarada  
de paz para os encontros.

## SALMO DA TERRA

Ouh, que xurda da terra o louvor como as plantas,  
sexa árbore forte dunha semente antiga,  
sexa carballo mítico, que é para un Deus vincalla.

Ai, que sexa herba lene, madresilva ou bisnaga,  
chuchamel a cantiga, herbaluisa ou romeo,  
tomentelo ou mapoula, que é para un neno a anaina.

Anaina, caravel  
na terra magoada  
pola cobiza longa  
que envelena a esperanza.

Anaina, neno-Deus,  
mineiro entre a poalla,  
o paro e o perigo,  
bebendo sombra amarga.

Anaina, pequeniño,  
no labrego que ara  
e sementa e recolle  
encadeado á herdanza.

Anaina, meu ruliño,  
que en Begonte tes casa  
entre as xentes de ben  
e entre os mofos da chaira.

### SALMO DO AIRE

Ouh, que o aire na noite deixe un seu asubío,  
móvase e sexa vento, toque harpa xigante  
que é para o Deus que nace a música e o grito.

Ai, que o vento enmudeza, que pase manseliño,  
bolboreta lixeira, dondo luír de rosas,  
onda esvarando leve, que é para o Neno un bico.

Un bico, meu rorró  
que pregas aire limpo,  
pobre home a respirar  
a porcalla e o lixo.

Un bico a quen o vento  
da droga ten tendido  
e busca e non encontra  
o vello paraíso.

Un bico para a fronte  
de tódolos vencidos  
pola distancia longa,  
coma un túnel sombrío.

Un bico no Belén  
de Begonte ós amigos  
para encher de aire o peito  
e face-lo camiño.





sanal para le...  
ousas da vida,  
iversais, cheo de a...  
dos dos nosos devance...  
n habilidade, inxenio e  
a.  
arredor é tamén un  
ropicio para que a  
da á ledicia arte-  
iva medre e  
mas  
amiños e  
mas  
sua a  
lúa, a  
parpadexa...  
ata o amencer dur...  
no que se aviva a ch...  
Nunha xuntanza do gre...  
os protagonistas do gre...  
ecimento: Os Rei...  
ro plano: Os Rei...  
arón do Neno Deus,  
ría e S. Xosé, e  
y camellos re...  
nde viaxe...  
ñas, un...  
arm

# PRENSA

## XVI CERTAME XORNALÍSTICO “BEGONTE E O NADAL”

---

O Centro Cultural «José Domínguez Guizán», de Begonte (Lugo), entidade promotora do *Belén Electrónico de Begonte*, co patrocinio da Consellería de Cultura e Xuventude da Xunta de Galicia, e co fin de potencia-lo espírito do Nadal, e que se coñezan mellor os actos que con este motivo se celebran en Begonte, convoca o XVI CERTAME XORNALÍSTICO «BEGONTE E O NADAL» dacordo coas seguintes bases:

A.—Poderán tomar parte neste certame os que publiquen, en calquera xornal ou revista, en lingua galega ou castelán, algún traballo ou serie de traballos sobre calquera tema que faga referencia ó Nadal en Begonte e —en xeral— ó Nadal en Galicia.

B.—Establécense dous premios para os que se consideren os mellores traballos presentados, dotados con:

PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO.— 50.000 pts. e estatuíña de Sargadelos.

SEGUNDO PREMIO.— 25.000 pts. e estatuíña de Sargadelos.

C.—O prazo de entrega dos traballos que se presenten ó certame rematará ás 12 horas do próximo día seis de xaneiro de mil novecentos noventa e dous, debendo facerse a entrega no Centro Cultural de Begonte, persoalmente ou por correo.

D.—A presentación ha facerse por triplicado exemplar do xornal ou revista na que se publicase o traballo, xunto cunha nota na que se fagan consta-los datos persoais do autor.

BEGONTE, NADAL de 1991.

# BASES

*FALLO DO XURADO DO XVI CERTAME  
XORNALÍSTICO "BEGONTE E O NADAL"*

---



**FALLO  
DO  
XURADO**

O Xurado calificador dos traballos presentados ó XVI CERTAME XORNALÍSTICO "BEGONTE E O NADAL", formado por:

D. ANTONIO CALVO VARELA, Delegado Provincial da Consellería en Lugo, como Presidente.

D. MARCIAL GONZÁLEZ VIGO

D. RICARDO PENA SAAVEDRA

D. JESÚS DOMÍNGUEZ GUIZÁN (en representación do Centro Cultural)

D. JOSÉ RODRÍGUEZ VARELA, que actúa como Secretario,

acordou emiti-lo seguinte fallo:

PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO, dotado con 50.000 pts. e estatuíña de Sargadelos a MARÍA GUILLERMINA MOSQUERA, polo seu artigo titulado "A CARÓN DUNHA ILUSIÓN", publicado no xornal EL PROGRESO.

Segundo premio, dotado con 25.000 pesetas e estatuíña de sargadelos, a SABELA CORBELLE, polo seu traballo titulado BEGONTE: EL BELÉN ELECTRÓNICO QUE REPRODUCE EL DÍA A DÍA DE UNA ALDEA CHAIREGA, publicado no xornal LA VOZ DE GALICIA.

O SECRETARIO DO XURADO,

*José Rodríguez Varela*





## MARÍA GUILLERMINA MOSQUERA SÁNCHEZ

*Naceu en Monterroso, en 1963. É profesora de E.X.B. no colexio público número 2 de Melide (A Coruña).*

*Ten acadados numerosos premios de xornalismo, entre eles varios nos certames convocados polo Centro cultural "José Domínguez Guizán", de Begonte.*

*É colaboradora de varios xornais e revistas galegas.*

*Foi fundadora e presidenta da Asociación cultural e artística "Falcatrueiros", de Monterroso.*

# A CARÓN DUNHA ILUSIÓN

Cando un ano máis o trasno do Nadal peta ás miñas portas e acéndese no meu corazón a chama do espírito navideño, volta o meu maxín a lembrarse daquel fermoso paraíso de Begonte nado coma a miña ledicia a carón dunha ilusión.

O meirande desexo de paz xermola tamén á beira de pequenas obras que tódolos fogares artellamos con sinxeleza para agarimar de perto o misterio do nacemento de Xesús.

O trasno gaiofeiro do nadal viaxa e pervive dende o ano 1972 na vila de Begonte para mobilizar e xungui-los anceios dos viciños e amosar a miles de visitantes as belezas da súa creatividade e do seu talento saen ano tras ano nas escenas típicas e poderosamente representativas da nosa Galicia, que xunto coas escenas bíblicas da arte belenística acadan a vivencia máis xenuina e fantástica que ninguén se pode imaxinar.

E velaí as innovacións recentes que agardan ós curiosos que alí se acheguen, unha nova distribución que conta coa presenza do lagar onde se fai o viño e tamén a queimada, ese ritual fermoso que engaiola a tódolos galegos cando ferve a auguiña amorosa, facendo fuxi-las meigas e os malos espritos; o tráfego do liño, fielmente representado en tódalas súas etapas.

Un episodio artístico da nosa historia cheo de miniaturas feiticeiras dotadas de actividades e ritmos peculiares e característicos, imitando con precisión e exactitude os ancestrais oficios, costumes e tradicións da Nosa Terra. Nun pendello a carpintería onde o carpinteiro repasa unha táboa coa súa garlopa, o afiadador de Ourense dalle á moa con xeito, o alfareiro modela a peza con paciencia, os troiteiros no río Ladra lanzan a súa cana agardando un bo agasallo, os maderistas abalan as árbores do monte, o cesteiro remata o cesto para vendelo na feira.

As tradicións florecen na harmonía dos personaxes e ó lado das labouras doadas dos nosos devanceiros con fe e sabiduría popular e das que algunhas quedan no baúl das lembranzas, o tráfico do liño, a matanza do porco, o magosto, xuntanzas dos nosos antepasados das que saían as cantigas rebuldeiras que aledaban o seu que-facer cotián.

A contemplación do Belén é unha lección maxistral e ilustrativa que nos convida a coñecer a nosa cultura no auténtico país das maravillas.

E por outra banda é unha lección de cooperativismo na arte do belenismo na que se suceden a tradición e as innovacións técnicas e electrónicas máis modernas do momento.

Sen paixón pola miña parte, mais con admiración fastuosa semella coma un vagalume que ofrece a súa chispa para alumear e vislumbrar a imaxinación desbordante que teñen os autores do mesmo, para dar vida ás figuriñas que o compoñen.

E con este vagalume comenza a función... intres de fantasía e emoción...

Axiña vai morrendo o día e o luceiro da noite fai a súa aparición, acéndense con furor as luces nos pendellos e nas casas labregas de cantería. A continuación fan o seu estreno alucinante os fenómenos meteorolóxicos no horizonte, a treboada e os lóstregos invaden a encantada paisaxe de luar.

Primeiro a tempestade e logo a gloriosa calma espárcese polo ceo co anuncio da bélica Nova a cargo dun anxo branquiño que brinca de seo. Todo rebule de mil xeitos e aquel pobo evanxélico de Xudea na ficción, vislumbrado con naturalidade e perfección, impulsa ós Reis Magos de oriente no seu camiño para chegar ó portal.

A xente durme agardando a nova. Proseguen os intres de ilusión... Pasenñamente albo-rea o día e de novo voltan a vida e o lecer, as figuriñas collen pulo e alento para maravillarse e sorprender ós visitantes e curiosos, agarimados polas panxoliñas que docemente resoan no local social "Xosé Domínguez Guizán" da vila.

Xa remata a niña ilusión e coido que esta estampa artística humilde, pero grandiosa sempre, ten azos para subir ó cumio da popularidade na terra Meiga, e acada nesta ocasión as dúas caras da moeda: a constancia e maila indescriptible creatividade para conquista-lo mundo enteiro, amosando a identidade e os valores propios de todo un pobo da Terrachá e da súa arte sen igual.

O Belén ten tamén dous embaixadores exemplares, que levaron a nova ó ceo, o seu fundador D. Xosé e maila colaboradora especial Teté. Os dous aléntano co seu exemplo inmemorable e nós aquí loitamos polo espallamento da súa e a nosa meirande obra.







## SABELA CORBELLE

*Sabela Corbelle naceu en Muimenta (Cospeito) en 1967. É Licenciada en Ciencias da Información (rama de Periodismo) pola Universidade Complutense de Madrid.*

*Foi locutora-redactora de Radio Lugo (Ser) de 1985 a 1988. Colaborou en El Progreso, Faro de Vigo, Radio Galega e outros medios.*

*Desde 1990 é locutora-redactora de Antena 3 de Lugo, colabora en La Voz de Galicia, e é corresponsal do xornal Ya, de Madrid.*

*O ano 1984 acadou o primeiro premio do certame de relatos en galego convocado polo Instituto Femenino de Lugo.*

# BEGONTE: EL BELÉN ELECTRÓNICO QUE REPRODUCE EL DÍA A DÍA DE UNA ALDEA CHAIREGA

*Este año incluye una queimada  
y una vendimia*

*El belén de Begonte es visitado por unas  
treinta mil personas al año*

*No es de día, pero todavía queda gente trabajando hasta que se agote la última gota de luz. Se hace de noche y se hace el silencio. Amanece y truena, nieva hace frío, incluso –a veces– llueve... como la vida misma. El belén de Begonte no es uno más de entre tantos que proliferan en estas fechas. Tiene el gran mérito de reproducir fielmente la vida en una aldea chairega, desde la mañana hasta la noche, utilizando como personajes a unos muñecos que coordinan sus movimientos electrónicamente. Por eso se ha ganado la fama. Mientras tanto, cada año, al llegar septiembre los vecinos de Begonte vuelven a serrar, a pescar, a afilar cuchillos, a segar, a hacer queimadas o a pisar uvas “reencarnándose” en los protagonistas del belén que son, ni más ni menos, ellos mismos.*

Lo primero que salta a la vista es el tamaño del nacimiento. luego, el «milagroso» movimiento de figuras como si de una pequeña casa de muñecas se tratase. Todo es fruto del trabajo de unos vecinos que, desde el mes de septiembre, aprovechan los fines de semana y los ratos libres para hacer montañas, ríos, caminos y colocar las figuritas en el lugar conveniente. Se trata, al fin y al cabo, de poner en marcha la aldea.

El belén ocupa una superficie que ronda los setenta y cuatro metros cuadrados. Está situado en el local del Centro Cultural Jose Domínguez Guizán. El espectáculo dura de unos doce a quince minutos. Serradores, pescadores, afiladores, segadores, carpinteros y herreros van tomando protagonismo al tiempo que el sol alumbra sus tierras.

Este año, el belén cuenta con novedades como los paisanos que hacen una queimada o los que pisan las uvas de la última cosecha.

## LAVADORAS

El «padre» del belén, por así decirlo, ha sido José Domínguez Guizán. Todo comenzó un buen día en el que visitó un nacimiento electrónico instalado en un instituto de Formación Profesional de La Coruña. «Al principio, duraba sólo cinco minutos y el material utilizado era muy rudimentario, usábamos motores de desguace, lavadoras... Se puede decir que, a partir de 1976, el belén empezó a tomar la forma que actualmente tiene», señala José Domínguez.

En la realización del belén, hay algunos vecinos como Joselín que son unos verdaderos «cerebros», «la nieve la hacemos con medias esferas perforadas con taladros diminutos, por esos agujeros proyectamos una luz que se refleja sobre una pared, de esta manera, parece que está nevando».

## FAROS Y SILLAS E PLAYA

Seguro que la mayoría del público que acude al belén no va provisto de faros ni de sillas, pero siempre hay de todo. Si no, que se lo pregunten a los vecinos de Begonte quienes cuentan que «un día veu o home por primeira vez e cadrou que o belén estaba escenificando a vida na aldea de noite, entón o bon home saíu, entrou no coche e colleu un faro para poder ve-lo belén porque pensaba que non había luz».

Otra anécdota curiosa es la protagonizada por un matrimonio de Santiago con un hijo que acudieron, en alguna ocasión, a contemplar el nacimiento. «Viñan provistos cunhas sillas de praia


nas que se sentaron comodamente durante unha ou dúas horas e tivemos que poñérllle-lo belén tres ou catro veces porque lles gustaba moito e non querían marchar de ningunha maneira», comentan los vecinos.

Anécdotas como estas seguramente se han producido más de una vez pero, en todo caso la gente sale contenta del local social del Centro Cultural José Domínguez Guizán de Begonte. De todos modos, no es necesario llevar faros o sillas de playa para poder disfrutar del espectáculo que supone presenciar, en directo, del belén electrónico, un espectáculo muy recomendable –sobre todo– para los más bajitos de la casa.









DIRECCIÓN XERAL DE  
POLÍTICA LINGÜÍSTICA

CENTRO CULTURAL «JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN»  
DE BEGONTE (LUGO) – DEC. 1991 - XANEIRO 1992